

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO DÍA 17.12.2019**

Na Casa Consistorial de Sobrado, sendo as 14.05 hs. do día de referencia, previamente convocados, reuníronse, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros que compoñen a Corporación Municipal deste Concello, ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria do pleno baixo a presidencia do Alcalde, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros cuxos nomes á marxe se relacionan :

### **ASISTENTES:**

#### Presidente:

Luís Lisardo Santos Ares (PSdeG-PSOE)

#### Concelleiros/as:

Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE).  
Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE).  
José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).  
Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE).  
Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE)  
Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE)  
María Jesús García Souto (PP).

### **AUSENTES:**

#### Concelleiros/as:

Ángel López Fidalgo (PP).

#### Secretaria:

Elena González López

## **ORDE DO DÍA**

### **PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ADHESIÓN DO CONCELLO AO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLOS) “POS + 2020”.**

O Alcalde toma a palabra para expoñer a súa proposta que ten o seguinte contido:

*“Asunto: Participación do Concello de Sobrado no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020”*

*O 25.10.2019 o Pleno da Deputación da Coruña acordou aprobar as Bases quee rexen o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020”*

*O Concello de Sobrado ten asignadas as seguintes achegas:*

*- Achega provincial 2019: 49.375,07 €*

*- Achega provincial 2020: 204.021,52 €*

*Así mesmo, existe dotación para o desenvolvemento do Plan Complementario para realizar investimentos financeiramente sostibles por un importe mínimo do 50% da suma dos tres tipos de achega provincial asignada a cada un deles no POS + 2020, e se recomenda quee os concellos soliciten un importe maior.*

*Ao abeiro do disposto nas bases da dita convocatoria, as atribucións que me confire a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, PROPOÑO a adopción do seguinte acordo:*

*1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2020”, “achega provincial 2019” e “préstamo provincial 2020”:*

*A) Financiamento do pago a provedores:*

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
<i>Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores</i>			
<i>Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores</i>			
<i>Subtotal pago a provedores</i>			<b>0</b>

**B ) Financiamento de gastos correntes:**

	Deputación
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de gastos correntes	204021,52
Achega provincial 2019 (Excepción da Base 2.2 final)	
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>204021,52</b>

**C ) Financiamento de investimentos:**

ACHEGA PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2020</b>			<b>0</b>

ACHEGA PROVINCIAL 2019 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Mellora do firme en Cepo-Acibeira e acceso a campo de futbol	49375,07	0	49375,07

<i>Subtotal investimentos achega provincial 2019</i>			<b>49375,07</b>

<i>PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020</i>	<i>Financiamento do investimento</i>		
<i>Denominación da obra ou subministración</i>	<i>Préstamo Deputación</i>	<i>Achega Concello</i>	<i>Orzamento total</i>
<i>Subtotal investimentos préstamo provincial 2020</i>			<b>0</b>

*Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2020 e que se relacionan nestas táboas.*

*D) Redución de débeda con entidades financeiras:*

<i>Entidade financeira</i>	<i>Número/código do préstamo</i>	<i>PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020 aplicado á redución da débeda</i>

<i>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</i>	<b>0</b>

**E) Resumo:**

<i>SUBTOTALS</i>		<i>Deputación</i>	<i>Concello</i>	<i>Total</i>
<b>A- PAGO A PROVEDORES</b>	<i>Achega 2019</i>			<b>0</b>
	<i>Achega 2020</i>			<b>0</b>
<b>B- GASTOS CORRENTES</b>	<i>Achega 2020</i>			<b>204021,52</b>
	<i>Achega 2019 (Excep. Base 2.2)</i>			<b>0</b>
<b>C- INVESTIMENTOS</b>	<i>Achega 2020</i>			<b>0</b>
	<i>Achega 2019</i>			<b>49375,07</b>

	<i>Préstamo 2020</i>			0
<b>D- REDUCCIÓN DÉBEDA</b>	<i>Préstamo 2020</i>			0
<b>TOTAL</b>	<i>Achega 2020</i>			0
	<i>Achega 2019</i>			0
	<i>Préstamo 2020</i>			0
	<b>TOTAL</b>			253396,5 9

2.- *Aprobar o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:*

<i>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)</i>	<i>Orzamento</i>
<i>Mellora de Pavimentación e servizos na praza do Portal de</i>	<i>150000</i>

<i>Sobrado dos Monxes</i>	
<i>Mellora de firme en Castro do Seixo, Cotarón, Piñeiro e Folgoso-Castro</i>	126314,22
<i>Rede de saneamento no lugar de Castro (Porta)</i>	35301,96
<i>Rede de saneamento no lugar de Outeiro (Porta)</i>	41798,75
<i>Renovación de aceras y servicios en As Cruces-Sobrado PK 13+460 A 13+730</i>	155365,45
<b>TOTAIS</b>	<b>508780,38</b>

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

O Alcalde cede a palabra a Sra. García Souto que pregunta se as luces proxectadas na praza son as mesmas que se instalaran na Vía sacra e que resultaran ser un desastre. O Alcalde resposta que se trata de bolardos pequenos con luz led distintos das da Vía Sacra.

A Sra. García Souto comenta que sendo un investimento de 760.000 € pódese adicar a múltiples servizos tales como rede de sumidoiros, abastecementos, comercio... (cita as bases da convocatoria) e lamenta que se adique o investimento novamente a aglomerado logo de 4 anos facendo o mesmo e de ter feito unha modificación orzamentaria para pagar este tipo de traballos tamén.

O Alcalde puntualiza que os unicos proxectos adicados a mellora de camiños son os de Cepo-Acibreira e o do Castro do Seixo.

A Sra. García Souto continúa comentando que hai outros proxectos con contido distitnto pero sorprégndelle que non se adiquen a abastecementos, alumeadado...

Así mesmo, precisa que hai pistas máis necesitadas de arranxo e critica que se fagan estes investimentos e non se adiquen cartos ao mantemento. Cita as parroquias de Pousada, Nogueira... entre as que teñen máis necesidades neste eido.

O Alcalde puntualiza que estas parroquias están incluídas no POS de 2019 que están pendente de executarse.

A Sra. García Souto solicita que se faga un estudo viario completo e solicita que se faga o mantemento de pistas e cunetas da rede viaria do contrario en pouco tempo volverán a ter baches , así mesmo, pide un reparto de fondos máis igualitario entre as parroquias.

O Alcalde sinala que ao mantemento vai destinados os 204.000 € e previstos para gasto corrente na proposta do POS+2020 e que as parroquias non incluídas neste POS se exclúen porque xa están proxectada en POS anteriores pendentes de licitar.

Rematado o debate sométese a votación a proposta da Alcaldía, co seguinte resultado:

Votos a favor (7): Luis Lisardo Santos Ares (PSdeG-PSOE), Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE). Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE). José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE). Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE). Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE) e Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE)



Abstencións (1): María Jesús García Souto (PP)

Como resultado da votación a proposta da alcaldía queda aprobada.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 14:20 hs., o Alcalde levanta a sesión, do que eu, como secretaria, dou fe.

*DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE*